



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia antiga universal

Materia	Historia antiga universal			
Código	002G250V01302			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Reboreda Morillo, Susana María			
Profesorado	Reboreda Morillo, Susana María			
Correo-e	rmorillo@uvigo.es			
Web	http://rmorillo@uvigo.es			
Descrición xeral	A materia de Historia Aniga Universal impártese no 2º curso de Grao de Xeografía e Historia e está incluída no bloque de Historia Universal. Neste conxunto, cronoloxicamente, está a continuación da Prehistoria Universal, impartida no 1º curso e antes da Historia Medieval Universal, que se imparte neste mesmo curso. O seu cometido principal é achegar aos/as estudantes as principais características das primeiros estados que naceron e se desenvolveron en Exipto, Grecia e Roma, así como establecer elementos comparativos entre as distintas formas en que se manifestou o poder en relación co territorio, a sociedade e a relixión.			

Competencias de titulación

Código	
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
A16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
A20	Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada
A22	Coñecemento da historia universal
B3	Capacidade de organización e planificación
B4	Comunicación oral e escrita no idioma propio.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir conciencia crítica a través da aproximación e coñecemento doutras sociedades e outras culturas e das posibles comparacións entre as variadas circunstancias do pasado e da actualidade. Estas circunstancias favorecerán el respetar as múltiples diversidades	A12 A20 A22
Demostrar o coñecemento dalgunhas primeiras chamadas "altas culturas da civilización", e analizar deste xeito a orixe de elementos esenciais na nosa cultura: o nacemento da escritura, os primeiros estados consolidados, a estreita xerarquización na sociedade e a diversificación dos distintos sectores económicos.	A16
Comprender e aprehender a universalidade da Historia Antiga a través do análise das denominadas "primeiras altas culturas" e definir os principais elementos dunha das culturas máis emblemáticas de Oriente, coma Exipto, e os dous pilares da civilización occidental: Grecia e Roma.	A22
Aplicar, a través das actividades de tipo práctico, a organización e planificación da información que a través das exposicións teóricas e das lecturas individuais adquiriron os/as estudantes nas explicacións do temario e por esta vía interiorizar os coñecementos adquiridos	B3
Argumentar a práctica adecuada da lingua oral e escrita a través das probas complementarias orais e escritas.	B4

Contidos

Tema

Tema 1. Aspectos introductorios	1.1 Definición e límites da Historia Antiga 1.2. Conceptos e problemática 1.3. Os territorios e os seus límites cronolóxicos
Tema 2. As distintas formas do Estado nos respectivos territorios. Evolucións e límites	2.1. Exipto: O poder unipersonal e a unificación do territorio. As principais razóns das crisis 2.2. Grecia: Da Idade do Bronce á do Ferro. Da monarquía o sistema das poleis ou cidades-etado independentes 2.3. Roma: Breve panorama: Da república ao imperio.
Tema 3. A Sociedade	3.1 Os principais grupos sociais de Exipto na antigüidade. 3.2 A cidadanía e outros grupos sociais na Grecia Clásica: Atenas e Esparta. 3.3. Os patricios e os plebeios na Roma Republicana.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	2	4
Sesión maxistral	23	28	51
Seminarios	12	27	39
Titoría en grupo	3	3	6
Traballos tutelados	3	13	16
Presentacións/exposicións	4	7	11
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	1	2
Probas de resposta curta	2	19	21
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introductorias	Exposición e debate sobre os coñecementos previos dos/as estudantes sobre o temario a expoñer e aclaración dos aspectos básicos da materia
Sesión maxistral	Exposicións teóricas sobre o temario co apoio ilustrativo dos textos antigos e material gráfico e iconográfico
Seminarios	Debates e análise das fontes de coñecemento da Historia Antiga en relación cos temas expostos nas sesións maxistrais. Reservanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Titoría en grupo	Aclaración de dúbidas sobre a materia, principalmente daquelas relacionadas cos traballos individuais e en grupo
Traballos tutelados	A. En grupo: máximo tres persoas, a escoller un tema relacionado preferentemente cos aspectos sociais B. Individual: Ensaio breve sobre personaxes destacados nas culturas da Antigüidade
Presentacións/exposicións	Os/as estudantes escollerán en cada unha das culturas tratadas un personaxe. De xeito individual, expoñerán nun tempo máximo de 10 minutos, as características máis salientables. Así mesmo do traballo en grupo referido a un aspecto social, un deles, a elección da docente, expoñerá nun tempo máximo de 20 minutos os aspectos máis significativos.
Nas exposicións se terá en conta a capacidade de expresión oral e os medios empregados	

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	Nestas actividades agárdase que sexan os/as estudantes os protagonistas, no sentido en que deberán manifestar a través dos seus comentarios, análises e dúbidas, tanto o nivel de coñecemento das sesións maxistrais, como os aspectos non comprendidos. A labor da docente limitárase a centrar os temas a tratar e a resolver aqueles problemas que en conxunto non poidan ser resoltos. En caso necesario outorgarase a bibliografía complementaria precisa.
Seminarios	Nestas actividades agárdase que sexan os/as estudantes os protagonistas, no sentido en que deberán manifestar a través dos seus comentarios, análises e dúbidas, tanto o nivel de coñecemento das sesións maxistrais, como os aspectos non comprendidos. A labor da docente limitárase a centrar os temas a tratar e a resolver aqueles problemas que en conxunto non poidan ser resoltos. En caso necesario outorgarase a bibliografía complementaria precisa.

Titoría en grupo	Nestas actividades agárdase que sexan os/as estudantes os protagonistas, no sentido en que deberán manifestar a través dos seus comentarios, análises e dúbidas, tanto o nivel de coñecemento das sesións maxistras, como os aspectos non comprendidos. A labor da docente limitárase a centrar os temas a tratar e a resolver aqueles problemas que en conxunto non poidan ser resoltos. En caso necesario outorgarase a bibliografía complementaria precisa.
Traballos tutelados	Nestas actividades agárdase que sexan os/as estudantes os protagonistas, no sentido en que deberán manifestar a través dos seus comentarios, análises e dúbidas, tanto o nivel de coñecemento das sesións maxistras, como os aspectos non comprendidos. A labor da docente limitárase a centrar os temas a tratar e a resolver aqueles problemas que en conxunto non poidan ser resoltos. En caso necesario outorgarase a bibliografía complementaria precisa.
Presentacións/exposicións	Nestas actividades agárdase que sexan os/as estudantes os protagonistas, no sentido en que deberán manifestar a través dos seus comentarios, análises e dúbidas, tanto o nivel de coñecemento das sesións maxistras, como os aspectos non comprendidos. A labor da docente limitárase a centrar os temas a tratar e a resolver aqueles problemas que en conxunto non poidan ser resoltos. En caso necesario outorgarase a bibliografía complementaria precisa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Realizaránse por escrito preguntas concretas sobre a temática exposta na aula, tanto de carácter teórico como práctico, que deberán resolverse manifestando, a maiores do coñecemento, a capacidade de expresión escrita na lingua propia.	60
Seminarios	Analises e comentarios críticos das fontes que nos proporcionan o coñecemento da historia antiga: textos, iconografía e material arqueolóxico. Poderá completarse cun análise crítico dalgún documental visionado na aula.	20
Traballos tutelados	Dous traballos breves: 1. En grupo, dun máximo de 3, realizar un estudo sobre un aspecto da sociedade das culturas do temario que se concretará a inicios do curso. Podereá ser exposto ou ser presentado por escrito 2. Breve ensaio que se presentará os/as compañeiros/as sobre un personaxe destacado dunha das culturas.	5
Presentacións/exposicións	As exposicións se relacionan con traballos tutelados, tanto os individuais como o colectivo. O primeiro de un personaxe significativo de cada unha das tres culturas expostas. O segundo dun aspecto significativo da sociedade. Este último será a docente a quen determine quen expón. A cualificación será compartida por todos/as os/as integrantes do grupo. Terase en conta a capacidade de expresión oral na lingua propia	5
Outras	Asistencia e participación activa nas sesións tanto teóricas como prácticas	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos/as os/as estudantes matriculados na materia teñen dereito a ser avaliados mediante un exame final (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo)

Bibliografía. Fontes de información

- Beltran, F. y F. Marco: *Atlas de Historia Antigua*, Zaragoza, 1996, [Depósito: OUR 51458](#)
- Bravo, G.: *Historia del mundo antiguo: una introducción crítica*, Madrid, 2008, [OUR 931 /198](#)
- Domínguez Monedero A.J. y J. Pascual: *Atlas histórico del mundo griego antiguo*, Madrid, 2006, [OUR 931 /568](#)
- Donadoni, S.: *El hombre egipcio*, Madrid, 1991, [OUR 931 /260](#)
- García Moreno, L. et alii : *Historia del mundo clásico a través de sus textos. I. Grecia*, Madrid, 1999, [OUR 931 /228](#) v.1
- García Moreno, L. et alii: *Historia del mundo clásico a través de sus textos. II. Roma*, Madrid, 1999, [OUR 931 /228](#) v.2
- Giardina, A. (ed.): *El hombre romano*. Madrid, 1991, [OUR 931 /226](#)
- Gómez Espelosín, F.J.: *Historia de Grecia en la Antigüedad*, Madrid, 2011.
- Gómez Espelosín, F.J.: *Historia de Grecia Antigua*, Madrid, 2001, [OUR 931 /262](#)
- Lara Peinado, F.(dir): *Diccionario de instituciones de la antigüedad*. Madrid, 2009, [OUR 931 /770](#)

- Sanmartin, J. y J.M. Serrano Historia antigua del Próximo Oriente : Mesopotamia y Egipto, Madrid, 1998, [OUR 931 /232](#)
- Shaw, I. y P. Nicholson: *Diccionario Akal del Antiguo Egipto*, Madrid, 2004, [OUR 931 /517](#)
- Vernat, J.-P. (ed.): *El hombre griego*, Madrid, 1993, [OUR 931 /236](#)

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Prehistoria universal/O02G250V01204
